



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA DA XUNTA DE GALICIA E OS CONCELLOS DE BOQUEIXÓN E VILA DE CRUCES PARA A POSTA A DISPOSICIÓN DOS TERREOS E INMOBLES NECESARIOS PARA A EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS DE CONSERVACIÓN E REPARACIÓN NA PONTE LEDESMA SOBRE O RÍO ULLA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora xeral da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, declara:

Que a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, dependente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, formalizou co concello de Boqueixón e co concello de Vila de Cruces, o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura ata o remate das obras obxecto do convenio.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Regular as bases de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da súa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, e os concellos de Boqueixón e de Vila de Cruces para a posta a disposición dos terreos e inmobles necesarios para a execución das actuacións de conservación e reparación na Ponte Ledesma sobre o río Ulla.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

Correspóndelle á Comunidade Autónoma, ao abeiro do disposto na Lei Orgánica 1/1981, de 6 de abril, polo que se aproba o Estatuto de Autonomía de Galicia (artigo 27.18º) e a través da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a competencia exclusiva sobre o patrimonio cultural de interese de Galicia. Esta competencia está, asemade, contemplada e desenvolvida na Lei 8/1995, do 30 de outubro, do patrimonio Cultural da nosa Comunidade Autónoma.

Co fin de garantir a protección e a conservación dos bens integrantes do noso patrimonio cultural, a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, en exercicio das súas facultades e competencias expresamente recoñecidas, acorda, con base na normativa aplicable, realizar as obras de conservación e reparación na Ponte Ledesma sobre o río Ulla, situada entre o concello coruñés de Boqueixón e o pontevedrés de Vila de Cruces.

A Ponte Ledesma é un ben integrante do Inventario Xeral do Patrimonio Cultural de Galicia. É unha ponte do século XVI construída sobre outra anterior de posible orixe romana. Actualmente





detectouse que a vexetación que recobre a ponte está provocando un deterioro nas xuntas. Así mesmo, a maleza existente nos canais de drenaxe dificulta a correcta escorrentía das augas pluviais. Presenta deterioro nas fábricas e no pavimento e diversos danos que afectan ao estado de conservación da ponte.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, comprométese a contratar as obras indicadas, así como a dirección de obra e a dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde, con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma, en función das disponibilidades económicas de cada exercicio para estes fins.

Por outro lado, os concellos de Boqueixón e Vila de Cruces comprométese a autorizar a plena e libre disposición dos terreos e inmobles necesarios a favor da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para que esta poida acometer a execución das actuacións obxecto do presente convenio. Esta libre disposición será realizada, segundo o establecido no Decreto 246/1992, do 30 de xullo, da Consellería de Economía e Facenda (DOG núm. 159 do 17 de agosto de 1992). Así mesmo, será o responsable de tramitar preceptiva licenza e soportar os custos por ela xerados.

Para o desenvolvemento deste proxecto non é posible promover a concorrência pública, xa que as obras de conservación e reparación na Ponte Ledesma, van evitar que continúe deteriorándose este ben e polo tanto impedirán que se produza unha perda irrecuperable para o patrimonio cultural galego, por tratarse dun ben incluído no Inventario Xeral do Patrimonio Cultural de Galicia. Por outra banda, esta intervención está incluída no Plan estratéxico para a protección e conservación do patrimonio cultural de Galicia da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, dentro da medida Conservación das pontes históricas galegas do obxectivo operativo Conservar o patrimonio cultural galego.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

